

Marco Paone entrevista a Ismael Ramos

Ismael Ramos (A Picota, Mazaricos, 1994) estuda Lingua e literatura españolas na Universidade de Santiago de Compostela. Gañador de varios certames poéticos e premios literarios, publicou a plaquette *Hábitat/Interferencias* (Concello de Outes, 2013), o diálogo *A ferida* (2013) – en colaboración con María do Cebreiro –, e o libro de poemas *Os fillos da fame* (Xerais, 2016).

*“Os fillos da fame” acaba de saír do prelo, non obstante, as súas páxinas e versos circularon de súpeto polas redes sociais. Parece que había moita expectación arredor da súa publicación. Esperabas esta acollida? Que opinas desta relación case instantánea da poesía, a súa lectura e o seu público?*

O certo é que estou moi sorprendido pola boa acollida que está tendo o libro. Con todo, non deixa de me parecer curioso que despois de varios anos empregando a internet case como único medio de difusión do que escribía (co blog *Interferencias*, por exemplo), o grande rebumbio chegue ás redes da man dun libro en papel. A relación instantánea entre o público e o escritor xa non dependen do libro impreso, pero si a difusión da súa obra. De aí que sigamos chamando poetas “inéditos” a aqueles que xa levan anos publicando en revistas en papel ou manteñen un sitio na rede. O feito de publicar un libro segue a ser chave.

No tocante a como internet incide na relación entre lector e autor, isto é algo que aínda estou experimentando e que me fascina e aterra a partes iguais. Algúns días é como se calquera puidese cruzar a porta da túa casa e fose groseiro, ou mesmo inxusto, impedirlo; e outros días, publicas no facebook unha foto da túa cama desfeita pola mañá. É complicado.

*O teu poemario sabe a mar, deixa a sal na pel e ao mesmo tempo fai da súa negación unha poética, un punto de arranque para profundizar nas cousas e nos acontecementos. “A poesía é unha ferida sen coitelo”. Tocaralle ao lector ir á procura desta “outra cousa” que está despois dos teus versos?*

A ferida, a negación, a ausencia, o baleiro son conceptos moi fortes, atractivos e de sobra tratados, pero sobre os que cómpre volver de maneira individual e colectiva unha e outra vez. Trátase de escoller o xeito no que entramos neles, o modo no que se abre a ferida. Poida que esa “outra cousa” sexa iso, algo que cabería denominar orixe. Polo demais, quero pensar que o que hai despois dos meus versos é o que o lector fai con eles, ata onde o axudan ou o obrigan a chegar, pero iso é algo que probablemente nunca saberei.

*A presenza e a negación, o nomeamento e o silencio collen forma na profunda loita coa corporalidade da túa escrita. O corpo é vida, o corpo é morte. Cal é o seu rol na construción da historia individual e da memoria colectiva?*

O corpo éo todo. A través do corpo coñecemos e experimentamos o mundo. E mesmo se nos puidésemos desprender del, o resultado explicaría-se pola súa negación. O corpo oponse á nada. Hai algo no corpo poderoso, primitivo e organizador. Básico e por iso difícilísimo de entender. Mesmo as ausencias cobran corpo. Nese sentido a historia individual constrúese arredor dunha carne, duns ósos, dun sangue.

A memoria colectiva incide en todo iso de maneira transversal e ás veces invisible e desconcertante. É a nosa tarefa explicala, falarlle e cuestionala para que nos explique: teño dúas mans e escribo, se tivese unha chamaríanme manco.

*En que medida a poesía pode devolver a palabra aos “corpos que non poden falar” e ás pantasma?*

Antes de escribir *Os fillos da fame*, ou durante (non o sei moi ben), dei cos *Espectros* de Ibsen, e nesa obra manéxase unha definición da pantasma que me gustou especialmente. Dise no libro por exemplo que os espectros son “numerosos como as áreas do mar”. Isto levome a pensar na pantasma como multitudinaria e física aínda que irrelevante a simple vista, de maneira que non seríamos conscientes da súa existencia ata que se nos metese nun ollo ou nos zapatos. A poesía debéra entón tratar de ver a pantasma antes e por si mesma, interpelala. É deste xeito que a poesía pode devolverlle a palabra, non necesariamente ao oculto, mais ao que pasa desapercibido para a maioría.

*A emigración é outro tema do teu libro, outra ferida, xa que “a historia do emigrado é truculenta”. Como ves o “illamento de Europa” nesta época de crise das fronteiras políticas e humanas?*

Nunca pensara neses versos que citas, e que pertencen todos a un mesmo poema (“Plantacións”), dese xeito. Non obstante, si creo agora máis necesario ca nunca reflexionarmos sobre o concepto de fronteira. Hai pouco estiven en Berlín visitando a unha amiga. Precisamente na ida voaba dende Porto e unha folga de controladores aéreos mantivo restrinxido o espazo aéreo francés durante horas. Así que alí estabamos, tirados nun aeroporto pola vontade dun pequeno grupo de traballadores. Xa en Alemaña, topei con que toda a actividade turística da cidade xiraba en torno á historia do muro. Tamén vin os novos bloques de apartamentos de luxo que se construíran a carón da East Side Gallery. Nesa mesma semana, sucederon os atentados de Bruxelas [nda: a entrevista desenvolveuse durante a primeira semana de abril]. O único que puider pensar despois de todo isto, é que Europa parece destinada a morrer e resucitar unha e outra vez, que esquece, pero logo sempre aparecen os remorsos. O cuestionamento dos valores do proxecto europeo é unha tarefa a desenvolver pola miña xeración e que me interesa especialmente.

*A túa poesía é unha chea de territorios brancos, unha pureza orgullosamente sucia de fame e amor. O que sorprende é o seu ritmo pausado, que se constrúe nas breves oracións que vas destilando, mesmo no medio de historias turbulentas e difíciles. A que se debe esta calma no cantar poético?*

Probablemente esa calma se deba a que a miña poética se basea en grande medida na observación e na descrición. É dicir, a miúdo me limito a escribir aquilo que vexo de maneira filtrada. Penso que é nese sentido no que a miña escrita se podería considerar narrativa e se cadra calmada. Doutra banda, rexeito polo xeral a grandilocuencia e déixome levar, ás veces en exceso, polo natural, polas frases feitas, pola narración do evidente. É coma un paseo, camiñar atento, reflexionar.

*Formas parte dunha nova xeración de “fenómenos” da poesía galega, que Antón Lopo definiu como “Neos”. Cales son as afinidades poéticas e literarias que compartes cos autores da túa xeración? Cal será o seu legado dentro duns anos?*

O certo é que considero que as xeracións non atinxen aos creadores, non sendo a través da propia vontade por adscribirse a unha, ou por presentarse coma un grupo, e penso que nin eu, nin a maioría dos meus compañeiros de “xeración” compartimos polo momento esa vontade. En calquera caso, todo elemento visibilizador da poesía nova en galego, todo aquilo que xere novos discursos (sobre todo críticos) arredor da cuestión, debe ser benvido. Algo así aconteceu, penso eu, coa creación da etiqueta “Neos”.

Eu son quen de ver unha altísima calidade entre os poetas novos en Galicia, calquera que indague algo na cuestión, que lea a Oriana Méndez, Francisco Cortegoso, Gonzalo Hermo, Alba Cid, Olalla Tuñas ou Jesús Castro, vería o que eu vexo. Para alén diso, establecer liñas mestras xa me parece tarefa máis complicada. O erro neste caso foi querer catalogarnos, ben en torno a características formais, ben como sucesores ou seguidores de figuras xa consolidadas.

No tocante ao legado, oxalá tarde moito en chegar! Porque probablemente quererá dicir que estamos acabados ou mortos ou a piques de morrer. Pero se algunha vez somos recordados como xeración, espero que o noso legado sexa, de ter que escoller algún, ter sido francos e consecuentes co que escribamos, que non me parece unha aspiración pequena.

*Malia ser moi novo, parece xa case un veterán no mundo da poesía galega. Cres que existe un problema de falta de lexitimación debido á idade das voces máis novas para impoñer un discurso autónomo?*

A sensación de veteranía débese a que, como moitos outros, os meus inicios literarios estiveron fortemente vinculados durante a adolescencia aos premios literarios de instituto, de modo que puíden comezar a ter certa visibilidade dende bastante cedo.

A idade é para case todo, tal e como eu a vexo, máis unha vantaxe que un problema. Se ben é difícil de xestionar o uso que se fai da propia imaxe, nun sistema literario como o galego, a xuventude (cando menos na poesía) vén estando considerada de maneira moi positiva dende os 90. Outro cantar é a imposición dun discurso autónomo. Haberá sen dúbida a quen lle compense sumarse a unha liña poética xa consolidada e deixarse ver como continuador desta. Con todo, como sinalaba na anterior pregunta, un dos erros da clasificación que se propuña coa etiqueta “Neos” era precisamente facernos debedores directos de poéticas xa consolidadas cando, na miña opinión, se algo se debe valorar nos novos, non é que sexan correctos herdeiros do canon establecido, senón que rachen con el, que evolucionen ou ofrezan novas vías, en lugar de poñerse ao servizo do máis forte. Outro factor que a miúdo non se ten en conta é que todos somos contemporáneos e temos a posibilidade de lernos, así nos separen corenta ou cincuenta anos de diferenza, de modo que as influencias non sempre terían por que producirse en sentido descendente.